




COMISARIA
Patricia Arias Chachero
COORDINACIÓN
Xesús Domínguez Dono
DESEÑO E DIAGRAMACIÓN
Hayat Husein
PRODUCCIÓN
Merlín Comunicación
Grupo Editorial Galaxia
FABRICACIÓN E MONTAXE
CdeC

Esta exposición é un proxecto da Deputación de Ourense, no ano do 75 aniversario de Editorial Galaxia.

GALAXIA✱AURIA

75 ANOS DESPOIS

DEPUTACIÓN
OURENSE

CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL
DEPUTACIÓN OURENSE

75 ANI
VER
SA
RIO
EDITORIAL GALAXIA

1950-2025

Ramón Otero Pedrayo foi presidente do consello de administración de Galaxia desde 1950, ano da súa fundación, ata o seu falecemento en 1976.

1



Naceu Galaxia en Ourense?

Editorial Galaxia fundouse en Compostela o 25 de xullo de 1950 e estableceu a súa sede en Vigo pero..., case vinte e cinco anos antes, en Ourense, existira un selo de igual nome. Aquela Galaxia publicoulle a **Otero Pedrayo** a súa segunda obra, *O purgatorio de don Ramiro* (1926), e imprimou *Muiñada d'estrelas*, de **Augusto M^o Casas**. Cándido Fernández Mazas ilustrou estes dous volumes.



Asemblea fundacional de Galaxia, 25-VII-1950



Ourense ten unha importancia capital na senlleira iniciativa cultural. O día da fundación da editorial, ao saír da misa que en honra de Rosalía e Brañas se oficiou en Bonaval, don Ramón falou en galego e emocionou coas súas propostas para un despertar cultural.



Misa de Rosalía. San Domingos de Bonaval, 25-VII-1950



Primeiras accións ao portador



Escritura de constitución de Editorial Galaxia. Vigo, 3-XI-1950

No primeiro consello editorial, xunto a **Manuel Gómez Román** (vicepresidente), **Antonio Fernández López**, **Xesús Ferro Couselo** (vogais), **Xaime Isla Couto** (conselleiro delegado), **Francisco Fernández del Riego** (secretario), **Álvaro Gil Varela** (presidente do consello técnico) e **Ramón Cabanillas** (secretario do consello técnico), estaban tamén **Sebastián Martínez-Risco** e **Ben-Cho-Shey**.





Ramón Otero Pedrayo >>>

As iniciativas de Galaxia
completarían e realizarían, con novos
criterios, os obxectivos esenciais das
xeracións precedentes.

O legado de Nós. A cidade de Ourense e a literatura de preguerra



En abril de 1951 aparecía o primeiro libro da editorial, *Antifona da cantiga*, de Ramón Cabanillas, un poeta consagrado para enlazar co traballo dos homes de Nós, interrompido pola Guerra Civil.



Nese ano aparecía tamén a **Colección Grial**. Monográficos para difundir o ensaio en galego e facelo dialogar con autores europeos. **Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole...** amosaban o seu compromiso. Pouco tardou o Goberno franquista en reaccionar. En 1952 a censura prohibe a colección. Saíran tan só catro títulos.



Florentino L. Cuevillas e Vicente Risco. Ca. 1929



Antón Tovar




Xosé Luís Méndez Ferrín

Galaxia non se rende. Reedita títulos e autores anteriores á Guerra Civil e ábrese á nova creación literaria na nosa lingua.

Os antigos membros do cenáculo ourensán —**Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas**— colaboran con entusiasmo. Tamén o fixeron os antano mozos do Seminario de Estudos Galegos, **Xaquín Lorenzo** entre eles. Nas novas xeracións haberá tamén moitos ourensáns: **Xosé Luís Méndez Ferrín, Antón Tovar, Carlos Casares...**

Preza do Ferro. Ourense >>



Galaxia céntrase en demostrar que é posible facer alta cultura na nosa lingua. Hoxe, a editorial imprime uns trinta títulos anuais de ensaio.

3



Allariz na cerna do ensaio galego



Fonte das Panadeiras, Allariz

Unha das máximas aspiracións era facer literatura de calidade para un público amplo. En 1951 sae *Manuais*, unha colección divulgativa. **Del Riego** asina a *Historia de la literatura gallega*, o primeiro volume, e, desde Allariz, **Risco** responsabilízase do segundo, a *Historia de Galicia* (1952).



Xesús Alonso Montero

Pechada a Colección Grial, optan polo ensaio en libros colectivos. En 1952 chega *7 ensaios sobre Rosalía*, coas colaboracións de **Carballo Calero**, **Rof Carballo**, **Carlos Maside** e **Domingo García-Sabell**, entre outros. Ao ano seguinte, *La saudade*, con traballos de **Ramón Piñeiro**, **Lois Tobío** e **Xesús Alonso Montero**. En 1955, *Paisaxe e cultura*, con colaboracións de **Bonet Correa** e **Cunqueiro**.



A *Guía de Galicia* (1954), de **Otero**, supón o primeiro éxito comercial.

A finais da década chegan as homenaxes. A *Cuevillas*, en 1957, e a **Otero Pedrayo** ao ano seguinte. Comezan tamén as traducións, algunhas pioneiras en España, como *Da esencia da verdade*, de **Martin Heidegger** (1956).

Xúntaselles unha nova xeración de ensaístas (**Ramón Lugris**, **Xosé Manuel Beiras**...), aberta ás correntes de pensamento europeas, que teñen acubillo na revista *Grial*, para a que non se consegue autorización ata 1963.

En 2024 publicáronse unha vintena de libros de literatura infantil. As bibliotecas dos centros educativos e moitos nenos teñen libros da editorial nos seus andeis.

A Gudiña, ou como comezou a andar a nosa literatura infantil




Galaxia cre no futuro e aposta polos novos. Na década de 1960 dá pulo á literatura infantil, convencida de que a cativada debe acceder a obras fermosas e de calidade. Faltaban anos para que o galego chegase á escola.



En 1958 saen os *Contos vianeses*, de **Laureano Prieto**, mestre na Gudiña, e, nove anos despois, os primeiros textos explicitamente infantís. As traducións: *O abeto valente*, *O globo de papel*, *Unha nova terra* e *Todos os nenos do mundo seremos amigos*. En 1967 chegan os volumes de autoría galega: *O lobo e o raposo* e *Polo mar van as sardiñas*, de **Xohana Torres**. En poucos anos a lista multiplícase.



Xohana Torres. 1960



Vista antiga de Viana do Bolo



Os certames do Facho, da Coruña, deixan regalos como *A galiña azul*, de **Carlos Casares** (1968), *O león e o paxaro rebelde*, de **Bernardino Graña** e *O bosque de Ouriol*, de **Arcadio López-Casanova** (1973). En 1973 Casares gaña con *As laranxas*, máis *laranxas de todas as laranxas* o concurso de teatro infantil patrocinado polo Facho. En 1971 traduce para o galego *O principiño* e nos anos noventa triunfa coa saga dos Toribios.

Galaxia segue apostando polos
novos. A web, os audiolibros e libros
CD, a banda deseñada, os premios
literarios... queren darlles cabida.

5



Xinzo de Limia e a Nova Narrativa Galega

Os mozos buscaban tamén o seu espazo. Para eles créase, en 1957, a colección Illa Nova, á que chegan as rompedoras obras da xeración que participaba nas Festas Minervais e colaboraba no xornal com-
postelán *La Noche*.



Abre a colección **Xosé Luís Franco Grande** con *Vieiro choído*, e ese mesmo ano aparece *Do sulco*, de **Xohana Torres**, a primeira autora de Galaxia.

Baixo a influencia da literatura europea do seu tempo, incorporan á nosa novos motivos e técnicas.

Otero Pedrayo con varios mozos en Traslalga, entre eles Antón Santamarina, Arcadio López-Casanova e Xosé Luís Franco Grande. Ca. 1962

Méndez Ferrín asina *Percival e outras historias*, *O crepúsculo e as formigas* e *Arrabaldo do norte*. **Camilo Gonsar**, *Lonxe de nós e dentro* e **María Xosé Queizán** *A orella no buraco*. A continuidade xeracional estaba asegurada.



A ruptura coa forma tradicional da novela saúda a aparición da chamada Nova Narrativa Galega. En Illa Nova publícanse *Cambio en tres* e *Vento ferido*, de **Carlos Casares**, autor moi vinculado a Xinzo de Limia.



María Xosé Queizán

Galaxia e o seu ideario político-cultural perseveraron para que a sociedade de posguerra lembrase o valor da liberdade e, tamén, do noso patrimonio cultural.

Celanova no corazón da poesía socialrealista

En 1955 e 1959 Galaxia publicaba dous poemarios importantes: *Os eidos*, de **Uxío Novoneyra**, e *Sombra do aire na herba*, de **Luís Pimentel**. Os numerosos textos orixinais que se recibían motivou a creación, en 1961, da colección de poesía Salnés que, en trece anos, acolleu trinta e un títulos, entre outros, textos indispensables como *Nenias*, de **Aquilino Iglesia Alvariño**; *Salterio de Fingoy*, de **Carballo Calero**; *Arredores*, de **Antón Tovar**; e *Nas faíscas do soño*, de **González Garcés**. As poetas entran con ímpeto no catálogo: **Pura Vázquez**, **Anne M. Morris**, **María do Carme Kruckenberg**...



Celanova nos anos 60




Pura Vázquez



Celso Emilio Ferreiro

Longa noite de pedra (1962), de **Celso Emilio Ferreiro**, é o libro máis relevante desta colección. Un texto valente que logrou que se escoitasen as palabras comprometidas e as arelas de liberdade. O compromiso social que preconizou o poeta de Celanova tivo unha grande aceptación popular.



En 2024 Galaxia deu ao prelo máis de cen títulos, e segue traballando para poñer en valor o noso.

7



Estudar a lingua desde o Ribeiro

En 1950 o galego combatíase abertamente e era complexo —e mesmo perigoso— aclarar a súa imaxe deostada. Perseguido con asañamento, moitos defendían que non era unha lingua de cultura.

Por iso, o estudo científico do idioma foi unha das preocupacións da editorial. Convencidos de que a **lingua** era a máxima manifestación da **personalidade de Galicia**, traballaron arreo para poñela en valor.

Entre 1958 e 1962 publícase o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* do lexicógrafo do Ribeiro, **Eladio Rodríguez**. En 1965 sae a edición de **Rodríguez Lapa** das *Cantigas d'es-carnho e mal dizer*; en 1966 **Ferrín** asina a edición do *Cancioneiro de Pero Meogo* e, ao ano seguinte, chegan *A linguaxe i as linguas*, de **Piñeiro** (o seu discurso de ingreso na RAG) e *Contribución al diccionario gallego*, de **Aníbal Otero**.



Eladio Rodríguez González. 1926



Mosteiro de San Clodio, en Leiro, concello de nacemento de Eladio Rodríguez



Carballo Calero que, desde 1965, imparte clases de galego na Universidade compostelá, realiza o maior esforzo neste eido, publicando *Historia da literatura galega* (1962), *Gramática elemental del gallego común* (1966) e *Sobre lingua e literatura galega* (1971), obras de referencia aínda hoxe.



Actual sede de Editorial Galaxia

Para rachar cos prexuízos e demostrar que calquera manifestación cultural de fóra se podía presentar en galego, os impulsores de Galaxia apostaron desde o inicio polas traducións.

As traducións



Celestino Fernández de la Vega.
Retrato de Siro



Nos inicios da década de 1950 había moitos atrancos oficiais para a tradución ás "linguas rexionais" de obras en "linguas modernas". Só se autorizaba a tradución de obras clásicas.

En 1962 **Iglesia Alvariño** publica *A comedia da oliña*, de Plauto. Antes, na Colección Grial (1951-1952), déranse noticia de fragmentos de obras de **Germaine Beaumont**, **Pierre Malo**, **Douglas d'Estrac** e **Ernest Renan**.



En 1956 sae *Da esencia da verdade*, de **Heidegger**, que superara todo tipo de atrancos coa censura. As primeiras versións desde o alemán debíanse a **García-Sabell**, **Piñeiro** e, moi especialmente, **Celestino Fernández de la Vega**.

No segundo número de *Grial* (1963), **Filgueira Valverde** traducía a **Paul Claudel** e **P. M.** o grego **Georgios Seferis**. Nos doce primeiros anos da senlleira revista foron moitos os textos traducidos e os tradutores.

Entre os primeiros: **Omar Khayyám**, **Ivo Andrić**, **Boccaccio**, **Camus**, **T. S. Eliot**, **Jakobson**, **Valéry**, **Sartre**, **Leibniz**, **Pasternak**, **Kafka**, **Chi Hwan Yu...**


Entre os segundos: **Landeira Yrago**, **Basilio Losada**, **Micaela Misiego**, **Casado Nieto**, **Plácido Castro**, **Cambre Mariño**, **Beiras**, **Inés Raposo**, **Isidoro Millán...**



Ivo Andrić



Jean-Paul Sartre



No interior sabíase que en América se facía o que aquí non se podía. Por iso, malia coñecer os riscos aos que se expoñían, colaboraron nas revistas e edicións do exilio e a emigración.

9



O Barco de Valdeorras e os que traballaron desde o exilio



Córgomo de Valdeorras, a terra de Florencio Delgado Gurriarán, a inicios de século XX

A diáspora apoiou desde o comezo o esforzo cultural que Galaxia facía naquela Galicia oprimida por un silencio imposto. A comunicación con **Seoane**, **Lorenzo Varela** e **Rafael Dieste** era fluída. A editorial axiña deu a coñecer o seu proxecto en América. En 1958 **Xaime Isla Couto** le ante os exiliados e emigrados uns folios onde sintetiza o ideario e as intencións da empresa.



Consello de Administración de Galaxia. 1960



En 1952 sae *Por os vieiros da saudade*, onde **Ramón Otero Pedrayo** conta a viaxe que fixo á Arxentina en 1947.

En 1953, tres anos despois da morte de Castelao, sae do prelo *Os vellos non deben de namorarse*. En 1962 publicáronse pezas senlleiras como *Os biosbardos*, de **Blanco Amor**, e *Dos arquivos do trasno*, de **Dieste**.



Florencio Delgado Gurriarán. 1961

Un ano despois, o valdeorrés, **Florencio Delgado Gurriarán**, publica o poemario *Galicia infinda*. En 1965, **Xosé Neira Vilas**, aínda hoxe un dos autores máis vendidos do selo, publica *Xente no rodicio*, a primeira das moitas obras que confiará a Galaxia.




Eduardo Blanco Amor

Hoxe, como antano, a editorial procura responder con novas ferramentas aos novos retos culturais. A este esforzo obedecen a web, as redes sociais, o blog e os recursos en rede de Galaxia.

Verín e o estudo científico da etnografía e a cultura popular

Empeñada na posta en valor da lingua, no diálogo con Europa e na presentación dun discurso moderno e científico, a Galaxia, no comezo, a investigación etnográfica e a cultura popular pasoulle un algo inadvertida.



Xaquín Lorenzo, Xocos. Ca. 1980

Entre os primeiros volumes que se centran no patrimonio tradicional cómpre evocar os *Contos populares da provincia de Lugo* (1963), colectánea elaborada no Colexio Fingoy, que dirixía **Carballo Calero**.


En 1972, o etnógrafo verinés **Xesús Taboada Chivite** publica un texto aínda hoxe imprescindible: *Etnografía galega*.



Na década de 1980, coa aparición da Biblioteca Básica da Cultura Galega impréntanse máis de 50 títulos en formato e prezo accesibles. Entre eles: *A casa, O mar e os ríos* e *A terra*, de **Xaquín Lorenzo**. Do mesmo autor é *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (1973).



Nesta colección saen *Lendas galegas de tradición oral*, de **G. Reboredo**; *Cantigas populares*, de **Dorothé Schubarth** e **A. Santamarina**; *O refraneiro galego básico*, de **Ferro Ruibal**, e *Romarías e santuarios*, de Antón Fraguas.



Galaxia non se limitou á cultura e á literatura, afondou tamén na nosa realidade económica e social. Así, publicou obras que analizaron os seus principais problemas.

11



Empurrando noutras áreas. *A Revista de Economía de Galicia*




Neste terreo foi especialmente relevante o papel de **Xaime Isla**, director e principal impulsor da *Revista de Economía de Galicia*, fundada en 1958, caso único no Estado español. Durante dez anos, a publicación reflexionou, analizou e procurou resolver algúns dos principais problemas da nosa economía.



Nela colaboraron o xenetista **Cruz Gallástegui**, o avogado **Álvaro Gil**, o enxeñeiro **Fernández López**, o xeoquímico **Parga Pondal**, o xeógrafo **Río Barxa** e dúcias de especialistas.



Xosé Manuel Beiras e Francisco Fernández del Riego, 1960



En 1963, **Xosé M. Beiras** asumiu a subdirección da publicación, Con este mesmo obxectivo, en 1960, creouse unha Biblioteca de Economía Galega onde se publicaron estudos monográficos sobre pesca ou sobre como a xeografía condiciona a actividade económica.

Volumes colectivos como *Introducción á economía galega de hoxe* (1969) e *Economía campesiña e capital. A evolución da agricultura galega* (1983) deben ser incluídos tamén neste apartado.



Xaime Isla Couto. Fotografía de Paco Vila Barros

Galaxia traballou pola reconstrución interna do país na procura de que o seu legado chegase ata nós. Para logralo idearon unha trama de entidades ligadas entre si.

A creación dunha estrutura cultural



A primeira foi a Fundación Penzol, fundada en Vigo en 1963 grazas á xenerosidade de **Fermín Penzol**, que depositou nela a súa importante biblioteca e arquivo para que puidesen servir de instrumento de traballo aos investigadores e estudosos da nosa cultura.

En 1979, seguindo a manda testamentaria de **Otero Pedrayo**, que morrera sen descendencia tres anos antes, creouse, na súa casa de Trasalba (Ourense), a Fundación Otero Pedrayo, cuxa sede, biblioteca e contorna son visitadas por centos de galegos.



Reunión do Padroado da Fundación Penzol. 1960



Galeguistas vinculados a Galaxia visitando a Ramón Otero Pedrayo en Trasalba. 1958



Casa grande de Cimadevila (Trasalba), actual sede da Fundación Otero Pedrayo



En 1987 créase a Fundación Isla Couto, que traballa para facer xurdir no noso país a conciencia de comunidade e colaborar na estimulación dunha sociedade participativa e crítica.



A hidra, ou trindade de Galaxia, vista por Xaime Isla. De esquerda a dereita: Del Riego, Piñeiro e Isla



Estas tres institucións irmás colaboran para difundir o ideario das persoas que as fixeron posibles. Cos anos enriquecéronse cos fondos doutros galeguistas: **Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, Xohán Vicente Viqueira...**

Ourense quizais sexa a cidade máis
literaturizada de Galicia. Foron moitos
os autores que retrataron a cidade e a
provincia nas súas obras.

13



Ourense na literatura de Galaxia



Alba Garrido

Galaxia imprimiu moitas destas obras. De **Blanco Amor**, quizais o autor máis entregado á cidade, *Os biosbardos* (1962), a segunda edición de *A esmorga* (1970), *Xente ao lonxe* (1972) e *La catedral y el niño* (1997).

Reeditou os clásicos de autores senlleiros, como **Risco**, **Otero Pedrayo**, **Cuevillas**, **Ferro Couselo** e **Xaquín Lorenzo**. Á nómina cómpre engadir a **Lamas Carvajal**, **Curros Enríquez** e **Celso Emilio Ferreiro**.

E contribuíu para que os máis novos deixasen pegada literaria na provincia. Sirvan de exemplo **Carlos Casares**, con *Cambio en tres* (1969),

Ilustrísima (1980) e *Os mortos daquel verán* (1987), **Antón Risco** e *As metamorfoses de Proteo* (1989) e os relatos de **Méndez Ferrín**.

Olga Gallego, **Pura Vázquez**, **Antón Tovar**, **Alfredo Conde** e **Alonso Montero** confiaron tamén ás súas obras ás máquinas da senlleira editorial. Máis recentemente fixérono autoras e autores ourensáns, como **Rebeca Baceiredo**, **Riveiro Coello**, **Bieito Iglesias**, **Xosé C. Caneiro**, **García Mañá**, **González Tosar**, **Pacho Blanco**, **Chus Pato**, **Baldo Ramos**, **Marcos Valcárcel**, **Elena Andrés**, **Manuel Outeiriño** e **Xosé Ramón Quintana**, entre outros.



Baldo Ramos



Carlos Rogo




Chus Pato



Bieito Alonso



Cristina Pato



Alfredo Conde



Antón Riveiro Coello



Arancha Nogueira



X. R. Quintana Garrido



Luís González Tosar



Javier Fraiz



Noe Barros Fernández



Luís M. García Mañá



Miguel Anxo Fernández



Jorge Emilio Bóveda



Xabier Domínguez



Tello Guede



Rebeca Baceiredo



Sergio M. Rodríguez



Rubén Ríos



Silvia Santiago



Oscar Guezón



Xosé González Gómez



Xosé M. Nález Selcort



Xosé M. Pacho Blanco



Hoxe, Galaxia mantense fiel ao espírito que a inspirou: unha entidade independente, de capital exclusivamente galego, que inviste os beneficios na propia empresa.



O logo orixinal de Galaxia, obra de Xaime Istá, inzado de simbolismo: a Via Láctea, a galaxia que nos une con Europa a través do Camiño de Santiago; e o libro agromando na Terra, raíz e utopía dos homes da súa xeración. Manuel Janeiro foi o responsable do seu posterior desenvolvemento, e Hayat Hussein do que celebra os 75 anos.

Galaxia hoxe



Na actualidade Galaxia conta cun equipo editorial de 15 persoas, e grazas a elas publícanse e distribúense máis de cen títulos cada ano que están presentes en todas as librerías galegas. Desde 1950 publicáronse máis de 3.650 títulos. Máis da metade, 1.947, continúan vivos en catálogo.

Máis de 1.370 autoras e autores forman parte do elenco da editorial.

Colabora na convocatoria de premios tan importantes no país como o Alberte Quiñoi de Álbum Ilustrado, o Premio Repsol de narrativa breve, o García Barros de novela, o Ramón Piñeiro de ensaio, o Xosé Neiras Vilas de literatura xuvenil, o Carlos Mosteiro de literatura infantil e o Victoriano Taibo de poesía.



Consello de Administración de Galaxia. 2025



Equipo de Editorial Galaxia, na actualidade. 2025

É moito o que a lingua e a cultura galegas acadaron nestes anos. Nunca o lograrían sen os ourensáns e ourensás. As mulleres e os homes de Galaxia turraron sen tatear para logralo. Nunca desistiron, investíronse esforzos, cartos e accións particulares e hoxe, cando aínda queda moito por andar, procuran a forma de axudar.



Visita virtual
escaneando o QR

Exposición "Crear porvir",
conmemorativa do 75 aniversario da editorial